



### REDACCIÓN

A agrupación musical da Asociación de Antigos Tunos Compostelanos, "Trojanos de Compostela", gravou o seu primeiro CD baixo o título "Viva Galicia! A música no tempo de La Casa de la Troya", a finais do pasado ano e no marco dos actos conmemorativos do 25º aniversario do Museo Casa de la Troya. O CD presentábase nun concerto celebrado no Teatro Principal de Santiago.

A Asociación está a distribuír agora o disco entre os colexios galegos, en particular nos da área de Santiago e do seu contorno, así como en diversos institutos e bibliotecas municipais (Ames, Arteixo, Arzúa, Boqueixón, Brión, Carballo, A Coruña, Dodro, Melide, Negreira, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Santiago, Teo, Val do Dubra e Vedra). A finalidade é que entre a formar parte das bibliotecas ou mediatecas dos centros educativos e esta música poida ser coñecida e empregada polo alumnado.

Este proxecto musical poñíase en marcha hai cinco anos, promovido pola Asociación de Antigos Tunos Compostelanos, a entidade que xestiona o Museo Casa de la Troya. Tratábase de recuperar e divulgar músicas vencelladas á novela homónima de Alejandro Pérez Lugín – "La Casa de la Troya" – e ao tempo no que transcurre a historia que relata. O disco inclúe pezas do repertorio da Tuna Compostelana.

#### Tunos compostelanos

A Asociación Cultural-Musical de Antigos Tunos Compostelanos e Amigos do Museo Casa de la Troya constituíuse en 1979. Entre os seus principais

obxectivos destaca o de atender á conservación, mantemento e promoción do Museo Casa de la Troya ([www.lacasadelatroya.gal](http://www.lacasadelatroya.gal)), xestionar as visitas guiadas e o desenvolvemento de actividades culturais no museo, ademais de investigar e divulgar a actividade musical relacionada co tempo da novela La Casa de la Troya a través da creación do grupo de pulso e púa Trojanos de Compostela en 2013. O grupo promove a música para instrumentos de corda pulsada que tocaban as tunas en Santiago a finais do século XIX e comezos do XX, lembrando ao mesmo tempo a figura de compositores galegos da época.

O Museo Casa de la Troya,



Presentación do disco nun concerto no Teatro Principal de Santiago.

## La Casa de la Troya, nas aulas

Centros educativos coñecen cun CD o repertorio tradicional da tuna e da música da época da novela homónima de Pérez Lugín

Carátula do CD.



que permanece pechado durante os meses de inverno, abrirá as súas portas, como vén sendo habitual, na Semana Santa.

A Asociación está a traballar para organizar novas visitas guiadas para escolares, que comezaran previsiblemente no mes de abril, e que teñen un custo de 1 euro por alumno. Tal como declara o presidente da Asociación e director do museo, Benigno Amor, "trátase dunha experiencia considerada moi interesante polos centros educativos que xa teñen visitado a casa, posto que permite realizar unha viaxe no tempo e coñecer como era a vida universitaria compostelá de finais do século XIX".



Unha das actuacións do programa de "Nadal na Rede".

## 'Nadal en Rede' festexa as festas en galego

O programa de dinamización lingüística Nadal en Rede, impulsado desde a Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta, tivo un calendario intenso nas pasadas festas. Unha vintena de localidades galegas acolleron concertos e actividades musicais, obradoiros e sesións de teatro. Os encargados de encher de propostas as axendas municipais propias do Nadal foron a cantante galega máis eurovisiva, Lucía Pérez, a

empresa xogueteira Brazolinda, as voces femininas da Banda da Loba, os irmáns Bolechas, Baobab Teatro e os coñecidos temas de Suso Vaamonde sobre textos de Pura e Dora Vázquez, aínda que tamén houbo obradoiros e outras actuacións puntuais.

Lucía Pérez actuou no Auditorio Municipal da Cañiza reparando coa súa voz textos de autores como Celso Emilio, Neira Vilas ou Rosalía. A empresa de xogos en galego Brazolinda

ofreceu obradoiros a familias con nenos e nenas de entre 3 e 10 anos. A Banda da Loba actuou no Porriño, entre outras citas. A compañía de teatro Baobab levou o seu "Puño Puñete" a cantar e contar en galego coas familias con cativada ata 7 anos. Senén Vaamonde e dous dos compoñentes da formación A Roda, Alfredo e Manuel, ofreceron un concerto didáctico con textos de Pura e Dora Vázquez